

RESOLUCIÓN REITORAL DO 22 DE ABRIL DE 2026, POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DE AXUDAS CONCEDIDAS NA CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROXECTOS DO PERSOAL INVESTIGADOR NA ETAPA DE FORMACIÓN POSDOCTORAL DO CAMPUS DE OURENSE (INOUP+ POSDOU CAMPUS AUGA 2026)

Por Resolución Reitoral do 9 de abril de 2026 publicouse a listaxe definitiva de solicitudes admitidas a trámite na convocatoria Axudas a proxectos do persoal investigador na etapa de formación posdoctoral do Campus de Ourense (INOUP+POSDOU CAMPUS AUGA 2026).

Efectuada a valoración das solicitudes admitidas a trámite pola comisión de avaliación prevista na convocatoria das axudas, e consonte á súa proposta, esta Reitoría RESOLVE

Primeiro.- Aprobar a publicación da listaxe provisional de axudas concedidas na convocatoria de Axudas a proxectos do persoal investigador na etapa de formación posdoctoral do Campus de Ourense (INOUP+POSDOU CAMPUS AUGA 2026), que se relacionan no Anexo I.

- Número total de solicitudes avaliadas: 5
- Número total de axudas concedidas provisionais: 5

Segundo.- Consonte establece a base novena da convocatoria, ábrese un prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, para presentar as alegacións que se consideren oportunas. As reclamacións ou emendas presentaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) utilizando a instancia SXER-Emenda e mellora da solicitude, indicando no asunto "Convocatoria INOUP+POSDOU CAMPUS AUGA 2026".

O reitor



ANEXO I

LISTAXE PROVISIONAL DE AXUDAS CONCEDIDAS

Nº	IP/IPS DOS PROXECTOS	TÍTULO DO PROXECTO	IMPORTE
1	Pablo García del Río	Valorización de subprodutos galegos: Bagazo de uva e pel de pataca como fonte para a síntese de filmes bioactivos.	10.000 €
2	María García Martí	Caracterización nutricional e tecnolóxica de variedades tradicionais de millo galego para a súa reintrodución en cadeas alimentarias sostibles (MILLOUR).	10.000 €
3	Laura Meno Fariñas	Avaliación de estratexias baseadas en biocompostos para o control sustentable do mildiu no cultivo da pataca.	10.000 €
4	Albenis Pérez Alarcón	Cambios futuros en el transporte atmosférico de humedad y calor y su impacto en las condiciones hidroclimáticas de las regiones de agricultura de secano en Sudamérica (CHACRAS)	10.000 €
5	Andrea Rodríguez Sanz	Caracterización estructural y fraccionamiento secuencial de polisacáridos de Codium spp. de la costa gallega como base para el desarrollo de ingredientes funcionales	10.000 €

